

**HazteOir denuncia a marcha gay de Madrid ante o fiscal xeral**

# A ameaza do 'lobby' católico

**Din que insultaron ós Kaczynski, que se incitou ó odio e que se defendeu a materia de Cidadanía**

Europa Press - Madrid

HazteOir.org (HO), unha das asociacións radicais que máis se enfrontou ao Goberno socialista, denunciaria ante o fiscal xeral do Estado a marcha do Orgullo Gay 2007, celebrada en Madrid o pasado 30 de xuño. HazteOir.org quere que o fiscal abra un procedemento penal contra os seus organizadores por un posible delito de "ofensa ós sentimentos relixiosos" ante o que eles consideran unha incitación ó "odio, á intolerancia e á exclusión" por parte dos homosexuais.

A celebración, subliña a asociación nun comunicado, constiuiu "o elenco máis completo de burlas, ofensas e ameazas contra os que non aceptan os dogmas do lobby máis poderoso".

Igualmente, lamentan as críticas por parte do colectivo contra aquelas persoas que "desde o campo da Sanidade ou da Ciencia e non movidos por crencias relixiosas,

sas, discrepan das súas máximas que salientan as bondades da promiscuidade sexual ou que se defenden o dereito dos pais a educaren os seus fillos no terreo da afectividade segundo as súas propias conviccións". Neste sentido, asegura que non é casualidade que a marcha fixese bandeira da materia de Educación para a Cidadanía.

A organización pide a destitución do concelleiro Miguel Ángel Villanueva, do Concello de Madrid, por outorgarle finacemento público a "un espectáculo tan ferinte para miles de ciudadanos madrileños". De feito, arremeten por darles ós colectivos "100.000 euros, o dobre que en edicións anteriores e procedentes de todos os ciudadanos, incluídos pois os ofendidos, o Odio Gai 2007", advierte. Como exemplo, cita que participantes do acto calumniaron a bispos e curas, á vez que tacharon de "homófobos" ós que tratan de evitar os matrimonios entre persoas do mesmo sexo.

HazteOir.org critica tamén o pregón do do Orgullo Gai, difundido o venres 29 de xuño, porque na súa opinión "serviu para blasfemar e calumniar con fruición". A modo de exemplo, citan unha parte del: "Queremos que o oso ou a

transexual abrace a Ratzinger, os xemelgos Kaczynski e devoros os homófobos". HazteOir.org é unha asociación civil que asegura defender a familia, a dignidade da persoa e o valor da vida, desde unha concepción cristiana do home e da sociedade, á vez que asume como misión promover a participación dos ciudadanos na política. Na súa páxina web, son mayoría as informaciones contra o movemento gay, contra o Goberno socialista, contra a educación laica e contra os nacionalismos, agás o español. ●

osa de Madrid abrace a Ratzinger, os xemelgos Kaczynski e devoros os homófobos". HazteOir.org é unha asociación civil que asegura defender a familia, a dignidade da persoa e o valor da vida, desde unha concepción cristiana do home e da sociedade, á vez que asume como misión promover a participação dos ciudadanos na política. Na súa páxina web, son mayoría as informaciones contra o movemento gay, contra o Goberno socialista, contra a educación laica e contra os nacionalismos, agás o español. ●

**MEDIO NATURAL** Un estudo canadense amosa a desaparición de humedais ó norte do país

## O quecemento global seca as lagoas árticas

As lagoas das latitudes elevadas do Ártico, o recurso de auga superficial máis común en moitas rexións polares, están comezando a evaporarse debido ó quecemento climático mais recente, segundo un estudo da Universidades de Queen e Alberta en Canadá.


Os científicos, dirixidos por John Smol e Marianne Douglas, foron tomando de forma regular desde o ano 1983 mostros da calidad da auga e do conxunto de especies de 40 lagoas en Cabo Herschel, na área canadense do Ártico nas súas latitudes elevadas. Os ecosistemas

polares como este son moi sensibles ós efectos do clima e a outros cambios ambientais, o que os converte nunha especie de sistema de alarma como o foron no seu momento os canarios nas minas.

Na década dos 90 os investigadores comezaron a reconñecer unha tendencia na diminución dos niveis da auga e cambios na súa composición química. Cando volveron en xuño de 2006, o ano máis cálido segundo os rexistros dessa área, algunas das lagoas da rexión secaran e os niveis de auga dalgúnhas outras se reducirían de forma destacada.

Segundo os investigadores, a causa da evaporación destas lagoas do Alto Ártico é o ascenso das temperaturas. Ó medir os cambios na caíada da auga durante máis de 24 anos, os científicos poden amosar como a concentración de sales foi aumentando de forma crecente. Isto suxire que os niveis de auga están descendendo e que a auga restante está máis concentrada debido á evaporación por causa do quecemento.

Outro descubrimento é a desecación de humedais de rexións vecinas. "As consecuencias ecológicas de cambios nos humedais como estes son alarmantes", apuntan Smol e Douglas. Para eles, as lagoas constitúen "puntos quentes" da biodiversidade así como o hábitat de moitas aves, insectos e outros organismos. As alteracións ecológicas producidas provocarán probablemente unha fervenza de cambios en todo o ecosistema. ●



Imaxe dos efectos do desxelo no Ártico

## EXPEDICIÓN

«Din que xa se facía na antigüidade

**Un grupo de aventureiros cruzará o Atlántico nunha balsa de xuncos**

Un grupo de aventureiros intentará demostrar que o comercio a través do Atlántico era xa posible hai 14.000 anos, mediante unha expedición na que cruzarán ese océano cunha balsa de xuncos de deseño prehistórico.

Esta ambiciosa expedición oceánica busca corroborar que os navegantes da antigüidade tiñan os suficientes coñecementos náuticos como para superaren a difícil ruta do Atlántico Norte, desde o Novo Mundo ó Mediterráneo.

A balsa *Abora III*, nome que alude ó deus Sol dos antigos Guanches canarios, é unha réplica dos navíos de xuncos da Idade de Pedra, e construírona entre 2005 e 2006 indios aimará en Bolivia, con tecnoloxía étnica tradicional.

O seu deseño refinouse en Nova York entre maio e xuño deste ano mediante a instalación de quillas laterais que lle permitirán navegar de través e recibir o viento polo costado.

"Con este deseño lograremos o noso obxectivo", señalou José Yáñez, un dos dous tripulantes hispanos do navío, xunto ó boliviano Fermín Linachi, indio aimará que dirixiu a construcción da embarcación.

O equipo de exploradores, encabezado polo alemán Dominique Gorlitz, partirá o 11 de xullo rumbo a España desde o porto de Hudson, en Nova York. ●

A. VILLASMILO (EFE)